

Á vista dos avances producidos nas últimas décadas no que á discriminación da muller refire, podería pensarse que cada vez estamos máis cerca de acadar esa anhelada realidade social chamada igualdade.

Pero non debemos enganarnos, xa que aínda queda moito camiño por percorrer para que todas esas boas ideas, que hoxe se plantexan, non rematen sendo unha mera declaración de intencións.

Mais deixándolles aos señores políticos que fagan o que neste senso lles compete, nós, dende a nosa revista e en prol de avanzar un pouquiño máis neste arduo camiño, tentaremos aportar o noso gran de area, facendo unha breve reflexión sobre a nosa herdanza cultural galega.

Dende sempre, tivemos un grande aprecio polo saber popular reflectido nos refráns que van pasando de xeración en xeración. Por iso, o noso propósito é, aínda que con certa dificultade por mor da tradicional oralidade destes proverbios, atopar aqueles nos que se amose con claridade o papel secundario que durante anos tivo, e que na maioría dos casos segue a ter, a muller no plano social. Así este ano, considerando as alusións que se están a facer sobre a muller e o mar, e logo de analizar diversos textos galegos de refráns, atopamos ben poucos nos que se relacione muller e mar:

*O mar e a muller hanse de lonxe ver  
Casa sen muller e barco sen temón, igual  
cousa son*

*Muller sen marido, barco sen temón  
Muller, vento, tempo e fortuna, pronto se  
muda*

*Á muller e ao vento, poucas veces e con tento  
Da muller, do tempo e do mar, pouco se hai  
que fiar*

*A muller e a sardiña, pequeniña e escachadiña  
A muller, a sardiña e a sartén, na cociña están  
ben*

*O barco segue ao temón, á muller ao marido  
A muller e a sardiña, canto máis saladas, máis  
daniñas*



Debuxo de Miguel Fernández

Unha vez lidos estes refráns, resulta ben doado percatarse de que detrás deles está a voz de homes afeitos á antiga usanza, pero nós non imos sentirnos ofendidas, mostrando deste xeito o exceso de respecto que sobre a liberdade de opinión profesamos. Mais moito coidado, señores, que, á vista do cambio de sexo que os peixes están a padecer, non ha tardar o día da unificación da especie nas redes dos nosos mariñeiros xa veñen menos rinchas e máis cabalóns.

Por outra banda, e xa que imos camiño da igualdade, queremos suxerir un novo refrán que plantexa un reparto máis equitativo de tarefas e beneficios.

Partimos de que a cociña é para todos e o mar tamén.

Hoxe en día, a cociña xa non é territorio feminino en exclusividade: velaí os Arguiñano, os Arzak, os Adrià, por exemplo... Mais, ¡para catro homes que cociñan, logo se fixeron famosos!

Despois desta análise da visión da muller a través da nosa cultura, ben puideramos concluír que esta anónima sabedoría popular non fai máis que pór en evidencia un verdadeiro problema universal, que ten o seu mellor reflexo no incesante esforzo dalgúns homes en mermar a figura da muller, por temor a sentírense superados.

Mais nestes tempos que corren, e en relación co tema que nos atinxe, poderíamos suxerir novos refráns de recente adaptación á vida, nos que a discriminación da muller deixe de ser unha constante:

*Se o mar has respectar, á muller nin che hei contar*